

## Historia da lingua galega entre 1978 e a actualidade. Construción da variante estándar do galego; interferencias e desviacións lingüísticas.

### Resumo

#### 1. Historia da lingua entre 1978 e a actualidade.

Coa chegada da democracia, o galego experimentará dous avances esenciais para o seu afianzamento social como lingua culta: a **oficialización**, declarada na Constitución de 1978 e que vai supor a incorporación do galego ao ensino non universitario e a aparición de medios de comunicación públicos en galego e a **estandarización**, que culmina coa publicación en 1982 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

Ademais do galego estándar, recollido nesa normativa, podemos sinalar a existencia de dous modelos reais de lingua, o **espontáneo** e o neogalego. O primeiro é a modalidade empregada polos galegofalantes que aprenderon a lingua por transmisión xeracional e non tiveron contacto con ela no sistema educativo. Un importante grupo deste sector non asume o modelo normativo por descoñecemento e/ou por un rexeitamento consciente, ao consideralo un tipo lingua artificial e mesmo inventado. Presenta unha boa fonética e riqueza dialectal, mais tamén unha abundancia de vulgarismos e, sobre todo, de castelanismos. O **neogalego** é a denominación da variedade empregada polos neofalantes, ou sexa, os falantes que, partindo do castelán como lingua inicial, teñen unha adquisición tardía do galego, a partir do sistema educativo ou da lectura e os medios e comunicación. Este tipo de falantes presenta interferencias do castelán nos niveis fónico e morfosintáctico, evita os castelanismos léxicos e introduce con frecuencia hipergaleguismos.

Na actualidade, o galego presenta un uso desigual nos distintos sectores da sociedade. Pódese dicir que está moi ben instalado no ámbito **institucional**, desde que se converteu en lingua oficial e vehículo de expresión normal das institucións autonómicas e das corporacións locais e, en consecuencia, na lingua de expresión habitual da meirande parte das intervencións dos nosos **políticos**. Neste sentido, cómpre destacar a consolidación dunha especie de *diglosia invertida*, de características contrarias á tradicional: moitos representantes políticos falan galego nos contextos formalizados (intervencións no parlamento, nas roldas de prensa, perante as cámaras de televisión...) e castelán nos contactos administrativos internos e nos contextos informais.

O galego tamén ten unha importante presenza no mundo da **cultura**, esencialmente na produción editorial, na música e moi especialmente no teatro, que se desenvolve case exclusivamente nesta lingua. Algo diferente é a situación no cinema, con poucas producións e escasísimas exhibicións nas salas comerciais. No sector da **educación**, a pesar do retroceso sufrido nos últimos anos a raíz da entrada en vigor do denominado Decreto de Plurilingüismo, o galego presenta un emprego próximo ao 50 %, cando menos nos niveis de Primaria e Secundaria.

Os ámbitos nos que o galego presenta maiores carencias son o dos **medios de comunicación**, cunha escasísima presenza na prensa escrita (destaca a publicación *Sermos Galiza*) e moi minoritaria na radio, na televisión e na internet, no **ámbito empresarial**, na **relixión**, na **publicidade** (a pesar de que pareceu revitalizarse nos últimos anos co éxito de certas campañas publicitarias que reivindicaban a importancia da identidade galega na venda do produto) e, moi especialmente, no campo da **xustiza**, que é sen dúbida o sector da sociedade no que o emprego da nosa lingua está máis restrinxido.

En canto á **competencia** e **usos**, obsérvase como nos últimos tempos as competencias lingüísticas

dos galegos medraron considerablemente, sobre todo a raíz do emprego do galego no ensino mais, paradoxalmente, o seu uso efectivo continúa diminuindo, especialmente no sector da poboación máis novo, até situarse nun 51,49 % segundo as últimas estatísticas oficiais. A situación de coexistencia diglósica entre castelán e galego pode levar cara a unha progresiva desaparición deste. Para evitalo, é imprescindible normalizar o seu uso.

A **normalización** é o proceso de recuperación por parte dunha lingua de funcións e ámbitos de uso que lle foron usurpados, así como da súa dignidade e aceptación por parte da propia comunidade lingüística. Pretende converter unha lingua en vehículo habitual e normal de comunicación entre os cidadáns dunha comunidade en todas as súas actividades. A normalización debe, por tanto, afianzar o emprego da lingua, evitando a súa desaparición e, por outro lado, mellorar o seu prestixio social e a súa situación legal, equiparándoa á lingua tradicionalmente hexemónica. Para iso é fundamental a actuación do poder institucional, representado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que até o momento non demostrou unha suficiente eficacia, e a de colectivos defensores da lingua, entre os que destaca a Mesa pola Normalización Lingüística.

As **leis** vixentes na actualidade que fan referencia ao idioma galego son a Constitución Española, que declarou o galego cooficial en 1978, o denominado Decreto de Bilingüismo que estableceu a obrigatoriedade do ensino do galego no sistema educativo oficial en todos os niveis non universitarios a partir do curso 1979-80, O Estatuto de Autonomía, que referendou a oficialidade do galego e declarouno lingua propia de Galicia e a Lei de Normalización Lingüística, que presenta unha normativa xeral sobre o uso do galego nos diferentes campos da nosa sociedade.

## 2. Construción da variante estándar do galego; interferencias e desviacións lingüísticas

Un dos campos básicos no proceso de normalización dun idioma é a normativización lingüística. Consiste na elaboración dunha variedade estándar de lingua que funcione como modelo de corrección idiomática. Normativizar unha lingua é elaborar un código formal común e válido para todos os falantes dunha comunidade, a través da plasmación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario do idioma.

O **proceso normativizador** do galego foi longo e complicado, pasando por distintas fases desde que no século XIX se comezou a evidenciar a súa necesidade: galego popularizante, de tipo dialectalista; enxebriante, de carácter diferencialista; protoestándar, que comeza a encontrar acordos de tipo ortográfico; e estándar, logo de conseguida a redacción da normativa. A escolla dun modelo normativo foi e é unha cuestión controvertida que enfrontou, ás veces de maneira radical, os sectores filolóxicos e sociais do noso país. A polémica principal suscítese entre os partidarios de dúas concepcións da lingua galega claramente opostas, as denominadas rexeneracionista ou oficialista, que entende que o galego é hoxe en día unha lingua totalmente independente e a reintegracionista ou lusista, que defende a aproximación ortográfica ao portugués, ao considerar que galego e portugués continúan a constituir un único sistema lingüístico.

A creación da normativa non supuxo na práctica un emprego absolutamente correcto do galego, que aínda presenta unhas interferencias do castelán considerables. Denomínase **interferencias** lingüísticas á introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra lingua veciña ou coexistente con ela. As interferencias directas do castelán no galego (**castelanismos**), se ben se manifestan fundamentalmente no aspecto léxico, afectan a todos os planos da lingua. Podemos falar así de castelanismos ortográficos, que afectan unicamente á escrita (*abogado*); fonolóxicos, que afectan á pronuncia (perda da oposición de abertura das vogais medias);



morfolóxicos, que afectan a diferentes aspectos gramaticais como a conxugación verbal ou ao xénero e o número (*a sangue*); sintácticos, entre os que destaca a incorrecta colocación do pronome persoal átono (*me dixo*); léxicos, que supoñen a substitución de palabras galegas polas correspondentes castelás (*abuelo*); e fraseolóxicos, que dan lugar a expresións castelás traducidas palabra a palabra ao galego (*estar feito po*).

Por outro lado, no emprego real da lingua obsérvanse con frecuencia outro tipo de **desviacións**, provocadas moitas veces por un afán diferencialista do castelán. Son os arcaísmos, formas en desuso que perderon vixencia na lingua (*vegada*); os dialectalismos, voces propias de determinadas comarcas, normais na fala oral espontánea, pero que deben evitarse no emprego da lingua estándar (*iste*); os vulgarismos, ou malas pronuncias de certas palabras (*pormeter*); e os hipergaleguismos, palabras inventadas a partir da aplicación dalgunha das habituais correspondencias existentes entre galego e castelán (*hourizonte*).